



CONCELLO DE BEGONTE

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓNS DE FEITO DO CONCELLO DE BEGONTE

Exposición de motivos:

A Corporación do Concello de Begonte respondendo á inqueda manifestada por un sector da nosa veciñanza a respecto de que as unións de feito, en canto realidade social que non podemos nin debemos descoñecer, poidan acreditar tal situación mediante a publicidade rexistral axeitada, de forma que esta circunstancia social non supoña discriminación, tal e como impera o artigo 14 da Constitución.

Asumindo que o libre desenvolvemento da personalidade e a igualdade diante a Lei, que constitúen principios fundamentais do noso ordenamento xurídico e do noso orde social, demandan de todos os poderes públicos a promoción das condicións para que esta liberdade e igualdade dos cidadáns e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo eliminarse os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude, tal e como se propugna nos artigos 1.1º, 9.2º, 10.1º e 14 da Constitución

Afirmando que a esixencia constitucional de igualdade e liberdade está dirixida a todo os poderes públicos e por isto, mentres non se promulguen disposicións legais pertinentes e sen prexuízo da aplicación analóxica ou dunha interpretación xudicial axeitada á realidade social dos nosos tempos - artigo 3.1 do Código Civil - parece procedente implementar, incluso no reducido ámbito do municipio, un instrumento xurídico que favoreza a igualdade e garanta a protección social, económica e xurídica das familias constituídas mediante unións de feito ou non matrimoniais, con independencia da orientación sexual.

Por todo isto, coa finalidade de que poida quedar constancia no ámbito do noso municipio, tanto a efectos de inscrición no Padrón Municipal de Habitantes, como do resto de asuntos e servizos a cargo deste Concello, sen prexuízo doutras finalidades que poidan considerarse lexítimas, e con pleno respecto ás competencias que poidan corresponder a outras Administracións e Rexistros Públicos, no relativo ó recoñecemento doutros medios de proba da existencia dunha unión de feito, apróbase o regulamento seguinte:

Artigo primeiro. Carácter e ámbito de aplicación.

Créase no Concello de Begonte o Rexistro Municipal de Unións de Feito, de natureza administrativa, no que se poderán inscribir de xeito voluntario, as unións de convivencia non matrimonial, con independencia da súa orientación sexual, na forma e cos requisitos que se establecen neste Regulamento.

Artigo segundo. Requisitos persoais.

1. Poderán solicitar a inscrición no Rexistro Administrativo de Unións de Feito todas aquelas persoas que convivindo en parella por libre e pleno consentimento, teñan constituído unha unión de feito de



CONCELLO DE BEGONTE

convivencia non matrimonial de forma libre, pública e notoria, vinculadas de xeito estable, polo menos nun período ininterrompido de doce meses, por existir unha relación de afectividade.

2. Inscribíranse as declaracións de unións de feito non matrimoniais, con independencia da orientación sexual, solicitadas en instancia subscrita polos dous membros da unión, logo da declaración formal a respecto da existencia da unión, e unha vez se complete o expediente contradictorio que se regula no artigo terceiro deste Regulamento con resolución favorable á inscrición solicitada. Declaración que se formalizará por comparecencia persoal e conxunta diante do funcionario/a encargado/a do Rexistro de Unións de Feito.

A solicitude e a declaración formalizaranse en modelos normalizados que figuran como anexo ó presente regulamento.

3. Poderán anotarse asemade, os convenios reguladores das relacións persoais e patrimoniais dos membros da unión de feito, sempre que non resulten contrarios ás leis, limitativos da igualdade de dereitos que corresponde a cada un dos conviventes ou gravemente prexuciais para un deles, realizándose en extracto e facendo referencia ó documento que lle sirva de soporte e ó expediente administrativo da unión, onde se arquivará un exemplar.

Artigo terceiro. Expediente contradictorio.

1. A solicitude de inscrición no Rexistro de Unións de feito de Begonte formalizarase por medio de solicitude dirixida ó señor Alcalde-presidente, segundo o modelo que figura como anexo deste regulamento, na que se reseñará:

- a) Nome, apelidos, lugar de nacemento, estado civil, domicilio e número do documento nacional de identidade.
- b) Que constitúen unha unión de feito nos términos deste Regulamento.
- c) Que son maiores de idade ou menores emancipados, acreditándose coa fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou documentos acreditativos da emancipación, de conformidade co establecido no artigo 314 e seguintes do Código Civil.
- d) Non ter sido declarados incapacitados ou estar incursos nas prohibicións recollidas nos artigos 46 e 47 do Código Civil, achegando declaración responsable para tal efecto.
- e) Que están empadroados no Concello de Begonte. Para tal efecto, formulada a solicitude de inscrición, polo/a funcionario/a responsable do padrón municipal, expedirase informe ó respecto.
- g) Non ter parentesco por consanguinidade ou adopción, en liña recta ou en liña colateral dentro do terceiro grao, nin estar unidos por vínculo matrimonial anterior
- h) Se existe convenio regulador das súas relacións persoais e patrimoniais que pretendan igualmente inscribir.



CONCELLO DE BEGONTE

2. Á solicitude acompañaranse os seguintes documentos:

- a) Certificado ou fe do estado civil das persoas interesadas.
- b) Declaración responsable de cada un dos membros da parella de non figurar como membros doutras unións de feito non canceladas, así como de non estar unidos por vínculo matrimonial.
- c) Declaración responsable de non ter parentesco por consanguinidade ou adopción, en liña recta ou en liña colateral dentro do terceiro grao.
- d) Certificación literal, no seu caso, dos asentos do Rexistro de Unións de Feito do municipio onde figurara con anterioridade inscrita a unión de feito.
- e) Certificado de empadramento que acredite que os solicitantes teñen a condición de residente no municipio de Begonte.
- f) Declaración responsable realizada en comparecencia persoal e conxunta da existencia efectiva da unión de feito, pública, estable e ininterrumpida por un período de ó menos doce meses inmediatamente anteriores, avalada por dúas testemuñas maiores de idade en pleno exercicio dos seus dereitos civís.
- g) Se se solicita a inscrición do convenio regulador das súas relacións persoais e patrimoniais, acompañarase un exemplar do mesmo.
- h) Copia cotexada dos respectivos documentos de indentificación.

3.- Presentada a solicitude e a documentación que se achegue, a subsanación, suspensión, interrupción, instrucción e resolución do expediente, rexeráse por canto se establece na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. Unha vez completa a documentación, o expediente será resolto polo señor Alcalde-presidente no prazo dun mes, a contar dende a data de rexistro de entrada no concello do derradeiro documento incorporado polos interesados ó expediente.

Dictada a resolución estimatoria da inscrición o funcionario/a encargada/a practica a inscrición e anotacións previstas neste regulamento no Libro Xeral e no Libro Auxiliar.

Artigo cuarto. Do Rexistro.

1. O rexistro estará a cargo da secretaría do Concello e materializarase nun Libro xeral, no que se practica as inscricións e anotacións previstas neste Regulamento. O libro poderá estar formado por follas móbiles, foliadas e seladas ou libro previamente encadernado, encabezándose e pechándose coas correspondentes dilixencias .

2. A primeira inscrición da unión de feito terá carácter de inscrición principal e á marxe anotarase tódolos asentos que se produzan con posterioridade.



CONCELLO DE BEGONTE

3. O Rexistro terá un Libro Auxiliar no que figurarán, ordeados por orde alfabética dos seus apelidos, os inscritos no Libro Xeral, anotándose tamén referencias as páxinas do Libro Xeral no que existan inscricións que lles afecten.

Artigo quinto. Das modificacións

Calquera modificación posterior dos datos inscritos en canto ó convenio e feitos ou circunstancias, deberase efectuar mediante comparecencia persoal e conxunta dos membros da unión de convivencia non matrimonial.

Artigo sexto. Da extinción e cancelación.

A extinción da unión de feito poderá ser polos motivos seguintes:

A instancia dun só dos seus membros, sendo necesario para a disolución efectiva demostrar que o feito está en coñecemento das dúas partes ou, exclusivamente, da parte que propón a disolución de estar demostrado o abandono efectivo da convivencia coa parella, a través de documentos que así o acrediten (baixa no padrón de habitantes, cambio de enderezo ou acta notarial).

A extinción da unión de feito declararase por resolución da Alcaldía, logo solicitude dun ou de ámbolos dous membros da mesma e da tramitación do correspondente expediente contradictorio, no que deberá recaer proba plena dos supostos de feito previstos no parágrafo anterior.

A declaración de extinción da unión de feito producirá a cancelación das inscricións practicadas

Artigo sétimo. Publicidade.

Co fin de garantir a intimidade persoal e familiar dos inscritos non se lle dará publicidade ningunha ó contido dos asentos, agás as certificacións que expida a Secretaría do Concello a instancia exclusivamente de calquera dos membros da unión de feito interesados ou dos xuíces e tribunais de xustiza.

Artigo oitavo. Gratuidade

As inscricións serán gratuítas así como as modificacións e cancelacións.

Disposición Transitoria única.

O tempo de convivencia efectiva e ininterrompida transcorrida antes da entrada en vigor deste Regulamento será tido en conta ós efectos do cómputo dos doce meses a que se refire o artigo segundo, se os membros da unión de feito están de acordo e así o acreditan por declaración responsable en comparecencia diante do funcionario encargado do rexistro.

Disposición Final. O Regulamento do Rexistro Municipal de Unións de Feito do Concello de Begonte entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo que se establece polo artigo 65.2 en relación co 70.2 ámbolos dous da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local



CONCELLO DE BEGONTE

DILIXENCIA que poño eu, secretario da Corporación, para facer constar que o presente regulamento foi aprobado inicialmente en sesión do pleno deste Concello celebrada o __ de _____ de 200__.

Begonte, a __ de _____ de 2006

O Secretario



CONCELLO DE BEGONTE

ANEXOS

MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE BEGONTE

DONA/DON _____

D.N.I. nº: _____

DONA/DON _____

D.N.I. nº: _____

Empadroados no Concello de Begonte,

en _____ e Tfno/s.

_____.

E X P O Ñ E N:

Que constituén unha unión de feito nos términos do artigo 2 do Regulamento do Rexistro de Unións de Feito do Concello de Begonte, aprobado por acordo plenario, de data,

_____ e publicado no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P.) nº _____, de data,

_____, acreditados coa documentación seguinte e que se achega:

Fotocopia dilixenciada de autenticidade do D.N.I.

Declaración responsable respecto de cumprir os requisitos esixidos no artigo 3º do devandito Regulamento.

Certificación de empadroamento en Begonte

S O L I C I T A N, libre e voluntariamente

PRIMEIRO.- A inscrición no devandito Rexistro como unión de feito.

SEGUNDO.- A constancia no Rexistro dos convenios, feitos e circunstancias que se especifican en folla que se achega a esta solicitude.

Begonte, a ___ de _____ de _____.

Asdo: _____ Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEGONTE



CONCELLO DE BEGONTE

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

DONA/DON _____

E

DONA/DON _____

Ós efectos establecidos no artigo 3º do Regulamento do Rexistro de Unións de Feito do Concello de Begonte realizan a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE

PRIMEIRO.- Que son maiores de idade.

SEGUNDO.- Que non foron declarados incapacitados por sentenza xudicial firme.

TERCEIRO.- Que o seu estado civil actual é:

DONA/DON _____

DONA/DON _____

CUARTO.- Que forman unha unidade de convivencia non matrimonial estable dende fai máis de doce meses, no domicilio citado na solicitude de inscrición.

QUINTO.- Que os declarantes non formamos parte doutras unións de feito nin temos vinculo matrimonial vixente con terceiros/as persoas

SEXTO.- Que coñecen o articulado do Regulamento e que se comprometen a comparecer persoal e conxuntamente no suposto de modificación posterior dos datos inscritos en canto a convenios, feitos ou circunstancias, manifestados na solicitude inicial.

Begonte, a ____ de _____ do _____.

Asdo: _____ Asdo: _____



CONCELLO DE BEGONTE

MODELO DE FOLLA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO

(Selo da Entidade) (Sinatura do/a Secretario/a) (Folio nº)

Inscrición nº :

Data de solicitude de inscrición:

Nº de Rexistro de Entrada:

Enderezo:

Sendo as _____ horas do día ____ de _____ do _____, comparecen perante min, D/D^a _____, Secretario/a do Concello de Begonte, as persoas que a continuación se relacionan:

DONA/DON _____

DONA/DON _____

Ó obxecto da comparecencia para manifestar:

PRIMEIRO.- Que son certos tódolos datos consignados na solicitude formulada para a inscrición no Rexistro Municipal de Unións de Feito, así como na declaración e demais documentación presentada coa mesma.

SEGUNDO.- Que no día de hoxe forman unha unidade de convivencia estable no enderezo no que aparecen empadroados, mantendo esta situación dende hai máis de doce meses.

TERCEIRO.- Que solicitan quede constancia, mediante transcrición literal, dos seguintes convenios reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros da unión de feito.

CUARTO.- Que solicitan quede constancia dos feitos seguintes e circunstancias relevantes que afectan á unión non matrimonial.

Logo da lectura íntegra de todo o exposto, os comparecentes ratifícanse no manifestado e, en proba de conformidade, asinan ante min, Secretario/a, que dou fe, o presente documento en Begonte , a ____ de _____ do _____.

OS INTERESADOS, O/A SECRETARIO/A,